



Proxectos educativos



Concello de Soutomaior

OMIX, Multiusos de Arcade,
Rúa Peirao 8 - 36690
Telf: +34 986 700 822

educacion@soutomaior.com
www.gabinetesoutomaior.com
www.soutomaior.com

Abril / Maio / Xuño - 2017

Síguenos en
EDUCACIÓN SOUTOMAIOR



Aprendendo en



Escola de Pais e Nais

Que é? Un lugar de encontro entre todos/as buscamos estratexias para mellorar as nosas relacións en familia e aprender como facelo con éxito.

- Podemos asistir cos nosos fillos/as?

Si, haberá actividades para eles/as con monitores/as específicos.



21 ABRIL

Hora: 19,00 a 20,30 h / Lugar: Multiusos
Proxección do documental sobre diversidade funcionais "aprendices visuais" e charla coloquio con Alba Pérez Fernández Mestra e Psicopedagoga.

30 MAIO

Hora: 18,00 a 19,30 h / Lugar: CPI M. Padin Truteiro
Tema: O ACOSO ESCOLAR
Dirixida a: familias e interesados/as en xeral.

*****PÓDESE ASISTIR COS NENOS/AS, HABERÁ MONITORA PARA ELES/AS**

COLABORAN:
CPI Manuel Padin Truteiro.
ANPA Negueirós, Colexio Padin
Colexio Santiago Apóstol



INSCRICIÓNS NA OMIX

Coñece o teu Concello e arredores

Obxectivos: coñecer os valores medioambientais do noso Concello da man dunha guía. Promover o senderismo como medio para estar en forma e aprender un pouco máis sobre a natureza e patrimonio que nos rodea. Educar en valores de respecto e coidado á natureza.

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS:
NA OMIX. Teléfono: 986 700 822. www.soutomaior.com
educacion@soutomaior.com

OBSERVACIÓNS:
Consultar posibles bonificacións en todas as actividades que teñen un custo.

Hora: 10:30 - 13:30. Inicio: Ponte Aranza. Na zona de aparcamento que hai nas proximidades da ponte. Coordenadas: 42,340934, -8,544086



28 maio

"Os recunchos de Aranza"

Vai percorrer as diferentes paisaxes de Aranza. Partiremos da zona máis baixa, a carón do río Oitavén e subiremos ata case 300m. É unha subida esixente, pero que se fai máis levadeira ao observar a beleza que nos rodea. Visitaremos os socacos e algunha zona de monte alto, teremos vistas aos canóns do Oitavén...

Hora: 10:30 - 13:30 Inicio: Casa de pescadores, en Sobral. Coordenadas: -8,5575, 42,3402



18 xuño

"Polas sendas da pesca"

O roteiro inicia na casa dos/as Pescadores/as que hai en Sobral e discorre todo o tempo a por ambas marxes do río Oitavén. No noso camiño teremos ocasión de aprender algo máis sobre a dinámica do río, as súas árbores e con algo de sorte, ver algúns dos animais que teñen aquí o seu fogar. Tamén poderemos visitar un par de muifos agochados entre a vexetación.

Tecnoloxía para mentes inxeridas

no CPI Manuel Padin Truteiro

19 21 24 de abril

Este obradoiro vai dirixido a alumnado de 2º e 4º da ESO. A programación deste obradoiro baséase en asumir pequenos retos suscitados en cada traballo cunha metodoloxía:

- Personalizada (APRENDE)
- Baseada en proxectos (FAI)
- Baseada no traballo (APLICA)
- Baseada en competencias (AMOSAS)

As disciplinas a tratar serían: Tecnoloxía: Electrónica | Robótica
materiais a utilizar: moss robotics, makeblocks, placas e compoñentes electrónicos e estruturais con arduino, littlebits.

Este programa está programado conxuntamente co centro. Baseado nunha pedagogía que incorpora as ferramentas necesarias para complementar o traballo realizado polo profesorado para mellorar a xestión da aprendizaxe, co fin de provocar melloras académicas e de crecemento persoal.

